


O ESPIGONCIÑO

LETRAS
GALEGAS
2014



NON HAI NADA COMO OS LIBROS

Laura, 6ºA

Este ano dedicamos o DÍA DAS LETRAS GALEGAS a Xosé María Díaz Castro. Debemos falar galego porque é unha das nosas señas de identidade e, se non o facemos, será outra tradición perdida. Por esta lingua loitaron tantas mulleres e homes galegos, moitos dos que tiveron que abandonar a familia ou o seu lugar de nacemento. Así que FALEMOS GALEGO!

Este é o último ano que pasamos os de 6º no colexio, así que estas palabras son de despedida. Todos queremos que o pasedes ben e que vos divirtades coma nós, coa xente tan simpática que temos rodeándonos. Estamos agardando impacientes que chegue o próximo mes, porque, como sabedes, ímonos unha semana a Salou e seguro que disfrutaremos moito.

Adeus, compañeiros! Xa nos veremos nos parques.

Verónica e Josemi



Sumario.

A clase dos gatos (3 anos).....	5
Letras Galegas 2014.....	6
Entroido.....	12
Un conto de contos.....	12
Investigadores e investigadoras.....	24
Xornalistas.....	26
Entrevista: Carmen Vázquez.....	28
Excursións.....	30
Letras Galegas: Xosé María Díaz Castro.....	32
Actualidade.....	33
Cariñeses polo mundo.....	34
Historia.....	36
Lembranzas.....	38
Cine.....	39
Obradoiro.....	45
Deportes.....	47
Pasatempos.....	49



A clase dos gatos (3 anos)

Como pasa o tempo! Xa estamos en primavera e para darlle a benvida a clase dos gatos fixemos un mural. Divertímonos moito!



Pero entrounos unha dúbida, xa que os nenos de 3 anos somos tan curiosos.....e queríamos saber como medran as flores; Aproveitando que é o ano da agricultura familiar plantamos lentellas (que vixiamos cada día botándolle un pouquiño de auga e moito agarimo).



E un segredo final, gústanos tanto ir á biblioteca e xogar cos contos, que a mascota Multileo deixounos un paquete sorpresa na aula. Abrímolos con moita ilusión, e atopamos o conto dos 3 porquiños, entre outros, que tanto nos gusta á clase dos gatos.

Moitas grazas Multileo!



Alumnas e alumnos de Infantil 3 anos.

Letras Galegas 2014

LETRAS GALEGAS

2014

ESTE ANO DEDICAMOS O DÍA

DAS LETRAS GALEGAS A



XOSE MARIA DIAZ CASTRO.

APPENDIMOS QUE NACEU

UNHA CIDADE CHAMADA

LUGO .



XOSE
MARIA
DIAZ
CASTRO

FOI PROFESOR EN MADRID.
ESCRIBIU 9 LIBRO DE POEMAS
"NIMBOS", EN 1961.

O NOSO POEMA
FAVORITO É ESMERALDA.



ADEMAIS ESTES DÍAS ESTIVEMOS
A FACER ALGUNHAS MANUALIDADES
APROVEITANDO A CELEBRACIÓN

DAS LETRAS GALEGAS, COMO POR EXEMPLO
VN MJRKL SOBRE A POESÍA
ESMERALDA E QUE COLOCAMOS
FÓRA DA CLASE.


A CONTINUACIÓN
CONTAMOS VOS OS PASOS
QUE SEGUIMOS:



COLOREAMOS E RECORTAMOS AL LETRAS.



DECORAMOS CON PURPURINA DE CORES E FIXEMOS A HERBA COAS NOSAS PEGADAS DOS DEDOS.



ESCRIBIMOS ENTRE TODOS A POESÍA “ESMERALDA”.



DECORAMOS O MURAL CON ALGODÓN, PAPEL DE SEDA, PINTURA DE DEDOS, TAPÓNS, CERAS...



E ESTE FOI O RESULTADO...



UN SAÚDO, A CLASE DAS RAS.

Alumnos e alumnas de Infantil 4 anos A.

Entroido.

ENTROIDO

ESTE CURSO CELEBRAMOS NO COLEXIO
O ENTROIDO.

APROVEITANDO QUE ESTE É O
ANO INTERNACIONAL DA AGRICULTURA
FAMILIAR,

DECIDIRON NO COLEXIO ESTA
TEMÁTICA PARA A ELABORA-
CIÓN DOS DISFRACES.

OS NENOS DE EDUCACIÓN
INFANTIL DISFRAZAMOS

DE HORTALIZAS;
UNS DE TOMATES E
OUTROS DE PIMENTOS
VERMELLOS E VERDES.
ALGUNHAS MAMÁS TAMÉN
DISFRAZÁRONSE E NOS
ACOMPANARON.

COMO O TEMPO NON PERMITIÓ
REALIZAR O DESFILE POLO
PASEO MARITIMO, REALIZÁMOLO
NO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL



DINOSAURIOS



RANAS



DEPOIS DO DESFILE TOMAMOS CHURRO.

PARA MERENDAR

FINALMENTE XOGAMOS,
PASAMOLO MOI BEN

EDUCACION INFANTIL
4 ANOS

CLASE DE LOS

DINOSAURIOS

Un conto de contos.

A ABENTURA DOS TRES PORCINOS,
CARAPUCHIÑA E O FRAUTISTA DE AMELIN

HABIA UNA ~~BEZ~~ UN FRAUTISTA QUE IA
LAMIANDO POLA RUA E ATOPAVASE COS
RATOS. (LARA) OS RATOS COMIAN TODO O QUE
ATOPABAN. ENTON TOCOU A FRAUTA E
OS RATOS SEGUIRONO. (CARLOS)
ATOPOUSE POLO CAMIÑO
TRES PORCINOS QUE IAN COS
COSTRUIR UNA CASA. (HUGO F)
-CANTOS RATOS! DIXERON OS
PORCINOS
-A ONDE OS LEBAS. (LARA)
-A ORIO- DILLO O FRAUTISTA
(HUGO F)
ENTON OS PORCINOS SEGUIRONO
BUSCANDO UN SIIIO PARA FASERA
SUA CASA (LARA)



LOGO ATOPARON SECON
CARAPUCHIÑA CELLES
PREGUNTADOS PORCIÑOS
-ADONDE IDESCORATOS- (HUGO F)

- A LEBALOS DA CIDADE - CONTESTARON
ENTON CARAPUCHIÑA SEGUIVNDOS (CARLOS)
E ATOPOUSE POLOCAMINO COA CASA
DA ABOIÑA. LOGO DIXOLLE
AO FRAUTISTA SE CERIA CEDARSE
A CEAR PARA DES CAUSAR. (LARA)



AMAN
LEBOUADOS SEGUINTE DA FRAUTISTA
-PORCIÑOS CONSTRUIRON AS
CASAS AO LADO DA CASADA SUAS
ABOIÑA (HUGO F)
E COLORIN COLORADO ESTE CONTO ESTA
REMATADO. FIN (CARLOS)




E.I.5

En En En En ALEJANDRA

DMORDOMO

EDASE UNA BES UN MORDOMO
QUE SE CAEU RIO (MATEO)
ENTON SALU MADANZO
CUNA ROCHA E BOLBEU TROPEZO
ACAER. (EDU)



APARECEU UNA LANCHA CO LOBO E O
CEIA
LANCHA

LOBO CERIO COMERE. (LAURA)
O MORDOMO BEROU:


-SOCORO SOCORIO

BAUNO BLANO ANEBES CEIA
COMERMAZAS, PAROUS E ABER
OSEABIA NORIO E CAEU IAMEN. (DESI)



ANXO

CHESOU OUTRA LANCHA CON
CARAPUCHA, DELLE CORENO
AO LOBO E MATOUVO (EDU)
O PARULINO FEO ESTABA
NIDADO BEO QUE OS LEBABA
A CORENO E ABISOU A CARAPUCHA
(MATEO)



CARAPUCHA SALBOUNOS.
E TODOS VIIRON FELICES E COMERON
PERDIZES. FUN (EDU)



E.I.5


CARAPUCHINA E OS SEUS AMIGOS

HABIA UNA BEZ CARAPUCHINA QUE ESTABA
XOGANDO NO XARDIN. A SUA NAI
CHAMOUNA PARA LEVARLLE UNA CESTA A
ABOA. (HUGO PEGO)




POLO CAMIÑO ABOA APINOCHO. PINOCHO PROBOUOLLE
A ONDE IAE CARAPUCHINA COMETOLLE QUEA
CASA DE SUA ABOA. (HUGO PEGO)

PINOCHO ABOA APINOCHO. PINOCHO PROBOUOLLE
A ONDE IAE CARAPUCHINA COMETOLLE QUEA
CASA DE SUA ABOA. (HUGO PEGO)



DEPOIS ANDRÉS ATOPOUSE CON RAPUNZEL
E VISCARON A CARPUCHIA (ANDREA)
B ATOPARON A CARAPUCHIA E PERDERONSE
OG TRES OUTRA REC. (HUGO P.)
LOGO ATOPARON O LAMIDO E CHEGARON
A CASA DA ABUJA. ALI ATOPARON UNHAS
BOTAS CON BENTAS QUE LLAS LEBARON
A CINCENTA (DAVID) PARA LEBALA DE
PASO (ASIER)
DEPOIS ^{PUXÉRONSE} PUSE TODOS A HOGAR NO HADIA (LUCHA)



E COLORIN COLORADO ESTE CONTO ESTÁ
REMITADO. FIN (DAVID)


EI. 5

OPO ^o ESPELLO AIO ^o MÁXICO
 AIA ^o HABIA UAE ^o UNHA DCE ^o VEZ UAC ^o UN LÁPIZ E ^o QUE
 EAA ^o ESTABA JAO ^o PINTANDO OA ^o COA UAA ^o SUA UAA ^o PUNTA D ^o DE
 AICI ^o LÁPIZ E ^o OPE ^o ROMPEULLE (VOEL PIUON BALDO)



FOE ^o ENTÓN DEO ^o VEU O ESEO ^o ESPELLO AEO ^o MÁXICO F ^o ISOE: ^o PIXOLLE
 -OO ^o COMO RAOS ^o ROMPEU E ^o ROMPEU DEO ^o PUNTA EAE ^o EA
 -ROMPIVA POR DEBUXAR MOITO ESE ^o OCO ^o (UXUE)

O ^o AC ^o LÁPIZ IOSE ^o MIROUSE O ^o AO EPO ^o ESPELLO (VOEL PIUON)



CARMEN

E O ESEO ESE E O IA ASUAO SE8
 AUEIO ESPELLO DIXOLLE QUE ES SA AXUDAR O SE8
 AMIGO O AO O AIO ESTABA XOGANDO A PELOTA
 IEU VA Y AFA E NO O AO (UXUE)
 INTENTOU BUSCAR ATOPOU



NOEL PERES

OO A U NHA KAK E PÍO AUA
 FORON AO AO UN CASA AIA E AIA OE O ACIC
 ATOPARON E LOG EIS E OEO PIS IE
 (NOEL PÍO GALDO) COMERON PERDICES FIN



SABELA

E.I.5

Alumnas e alumnos de Infantil 5 anos.

Investigadores e investigadoras

TRABALLAMOS SOBRE OS DINOSAURIOS

Definición.- Animais prehistóricos parecidos aos dragóns

Hábitat.- Poden vivir na terra, na auga ou no aire.

Tamaño.- Hainos do tamaño dunha galiña e outros chegan a medir varios metros.

Corpo.- Cuberto de escamas duras ou caparazóns. Algúns teñen plumas.

Ósos.- Si, teñen ósos.

Reproducción.- Son animais ovíparos.


Alimentación.- Poden ser herbívoros ou carnívoros.

Extintos.- Hai sesenta e cinco millóns de anos.



Como os coñecemos.- Os dinosauros se estudan a través de fósiles, pegadas e ósos aparecidos.

Hai moitísimos tipos de dinosauros, pero pódense facer cinco grandes grupos.


1.- **SAURÓPODOS.**- Andan a catro patas e teñen un longo pescozo e cola.




2.- **TERÓPODOS.**- Pódense poñer a dúas patas como as persoas. Son bípedes.




3.- **PTEROSAURIOS.**- Son os dinosauros voadores. Parecen vampiros.



4.- **DINOSAURIOS MARINOS.**- Viven no mar e poden ser de formas moi diferentes.



5.- **DINOSAURIOS CON CORNOS.** Moitos teñen púas e unha coroa arredor do pescozo.



Nos quedan por resolver moitas preguntas sobre os dinosauros..

- 1.- Cantos dentes ten un dinosauro?
- 2.- Cáenlles os dentes?
- 3.- Canto miden os ovos do T Rex?
- 4.- Canto miden as crías do T Rex?
- 5.- Canto mide o dinosauro máis grande?
- 6.- Canto pesa o dinosauro máis grande?
- 7.- Necesitan auga para vivir?
- 8.- Cantos quilos de comida come un T Rex ao día?
- 9.- Que velocidade pode alcanzar un dinosauro?
- 10.- Teñen o corazón grande ou pequeno?
- 11.- Cantas horas necesitan durmir?
- 12.- Que cor poden ter os dinosauros?
- 13.- Como son as garras dos dinosauros?
- 14.- Viven xuntos os carnívoros e os herbívoros?

Alumnos e alumnas de 1ºA

Xornalistas.

Somos xornalistas: O né de foto

En 2º estiveemos traballando a prensa escrita, dende as noticias e os titulares na Semana da prensa, ata o né de foto que fixemos recentemente

Aquí vos presentamos os traballos que realizamos coa elección de fotografías de xornais e xornais, que recortamos e pegamos, e despois inventamos textos para cada foto.



O presidente de Estados Unidos informa de que morren 100 persoas. Etc



Discusión entre o alcalde de Estados Unidos e xefillo de Marilino



Foi rica porque acabou a moita xente que se estaba morrendo. Carlos



Un home explorando a mar en barco. Uxía



A xefa despediu 100 empresarios. Sara



O autor Dillan Sals presenta o seu octavo libro, logrando na praia, con moito éxito. Carme



Este home está detido por matar a cincuenta policías. Xeray Mato



Un soldado do exército morixe por unha bomba. Pedro Fernandez



O escalador foi o único supervivente. Javier



Unha familia belanda de alegría. Sandra



Unha profe así rindo dos temas. Daniela



Esta familia é moi famosa. Tamen é rica de servizos. Iker



O home mais atractivo e que come mais. Claudia



Oz aquí os super sentos, o Xeray, Lucas, Amador

Alumnos e alumnas de 2º.

Entrevista: Carmen Vázquez.

Carmen Vázquez do grupo musical “Fuxan os Ventos”.

Ola Carmen , os alumnos e alumnas do colexio de Cariño preparamos estas preguntas para coñecer un pouco máis sobre as túas afeccións musicais e sobre “Fuxan os ventos”.



De onde ven o nome de “Fuxan os ventos”?

Cando eu tiña a vosa idade, estaba estudando nun colexio lonxe da miña casa; en Lugo. Alí residíamos e íamos ás clases ao instituto. Neste colexio había un coro de rapazas ao que eu pertencía. Estaba dirixido polo Padre Mato. Co fin de enriquecer un pouco as harmonías das cancións que cantabamos, o director do coro invitou a uns rapaces, que tocaban guitarras, para que cantaran con nós.

Despois dun tempo, cando tiñamos entre 16 e 19 anos acordamos facer un grupo para cantar outros temas distintos e divertirmos cantando. Este grupo non tiña nome. Cando, no ano 1972, nos presentamos a un concurso, convocado en Mondoñedo con motivo das festas de As San Lucas, tivemos que poñernos un nome para poder participar; puxémonos Folc 72 porque era o ano 1972. Gañamos o concurso cunha canción titulada Fuxan os ventos. A partir de aí chamámonos así.

Gustábache algún grupo cando empezaches a cantar?

Gustábanme Nuevo Mester de Juglaría e Nuestro pequeño Mundo, que eran dous grupos folc españois. Gustábame tamén un grupo galego de Lugo que se chamaba O Carro.

Cal foi a vosa primeira canción?

Seguramente foi “La emigración”, “Castellanos de Castilla”, O muíño, ... Algunha destas.

E o voso primeiro concerto?

Foi no salón de actos da Casa Diocesana de Lugo, con motivo do Festival Primavera, organizado polo director do noso coro, o Padre Mato. Aínda non tiñamos nome. Foi no ano 1971.

Actuastes algunha vez en Cariño?

Creo recordar que estivemos no ano 1978 e despois aló polo ano 1983 ou 84, non me lembro moi ben; pasaron tantos anos...

Cal é a canción que máis vos gusta das que cantades?

Como somos 9 persoas no grupo, seguramente cada un ten as súas preferencias. A min gústanme moito a Cantiga de berce, A lavandeira, A Carolina...

Cal foi a canción ou o disco con máis éxito?

A canción máis coñecida é “Sementeira” e o disco de máis éxito foi o que tamén leva por título Sementeira, editado aló polo ano 1979. Pero estamos moi satisfeitos da acollida de todos os nosos discos.

Tes algunha anécdota curiosa como cantante de Fuxan os Ventos?

Ao longo de tantos anos sempre ocorren moitas anécdotas.

Acórdaseme que aló ao comezo do noso percorrido (sería sobre o ano 1973), fomos cantar a un pobo pequeno da montaña de Lugo. Cantamos nun alpendre enriba dunha tarima que prepararon para esa ocasión. Cando estabamos cantando apareceron unhas vacas polo medio da xente. Paramos de cantar ata que meteron as vacas na corte, que estaba alí. Despois seguimos cantando para a xente e para as vacas.

E xa sobre o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas, Xosé María Díaz Castro...

Gústanche os poemas de Díaz Castro?

Si, gústanne moito. Paréceme que expresan o fondo sentir dun home que sofre e quere á súa Terra.

Por que escollestes “Penélope” ?

Penélope é un poema que define moi ben a Galicia. Xustamente neste momento, Galicia atópase no paso atrás. Non credes que estamos perdendo moitos dos dereitos adquiridos con moito esforzo ao longo de moitos anos?

Xa o tiñades pensado ou foi porque Díaz Castro sería o protagonista do Día das Letras Galegas?

Cando decidimos empezar a seleccionar temas para un novo traballo discográfico, hai uns 3 anos, presentáronse ao longo deste tempo varias propostas. Unha delas foi este poema que, aínda que está musicado por moita xente, considerámolo imprescindible neste traballo.

Como este ano se dedicou o Día das Letras Galegas a Xosé M^a Díaz Castro, decidimos compartilo con todas aquelas persoas que lles interesase a nosa versión, xa que o noso novo disco non sairá ata outono.

Tedes cancións con poemas doutros autores?

No noso repertorio hai poemas de autores galegos como: Celso Emilio Ferreiro, Manuel María, Ramón Cabanillas, Rosalía de Castro, Marica Campo, Darío Xoan Cabana, Álvarez Pousa, X. Luis Ribas Cruz... , pero tamén moitos poemas que pertencen á literatura popular.

É para nós esperanzador comprobar que nenas e nenos da vosa idade queren coñecer máis do mundo da música galega.

Unha aperta para todos e todas.

Moitas grazas por dedicarnos un pouco do teu tempo e por colaborar co noso xornal escolar “O Espigongiño”.

Unha aperta moi forte desde Cariño.



Penélope de “Fuxan os ventos” <http://youtu.be/kQKUCvjHpTE>

Alumnas e alumnos do colexio de Cariño.

Excursións.

O pasado 6 de Maio, os alumnos de 3º Ciclo fixemos unha excursión á zona de A Coruña, onde poidemos visitar e coñecer sitios tan interesantes coma os que vos contamos a continuación:

MUSEO NACIONAL DE CIENCIA E TECNOLOXÍA

A primeira parada do día foi no Museo Nacional de Ciencias e Tecnoloxía de A Coruña. Está situado nas proximidades do Milenium, no edificio denominado Prisma de Cristal. Este edificio é un cubo de vidro deseñado polos arquitectos Victoria Acebo e Angel Alonso. Foi galardoado, entoutros, co premio Nacional de Arquitectura.

Ao principio estábamos un pouco nerviosos. Cando entramos atopámonos cadeas colgando do teito formando unhas fermosas cortinas. En cada estancia había diferentes máquinas antigas coma locomotoras, automóbiles, e moitas máis cousas interesantes.

Explicáronnos como se facía unha película antigamente, cunha especie de viñetas chamadas fotogramas. Logo puidemos facer a nosa propia película, debuxando nós mesmos as viñetas.

A continuación vimos a parte dianteira dun grande avión de pasaxeiros. Ensináronnos a parte de carga de equipaxe, as difentes zonas de viaxeiros y finalmente a cabina dos pilotos.

Por último pasamos a ver uns robots que podían vernos, falarnos e moverse!




CASTELO DE SAN ANTÓN

O castelo de San Antón é moi antigo, é un castelo do século XVI que se construíu coa función de defender a cidade de A Coruña dos ataques dos piratas.

O castelo foi edificado nunha illa na que había unha capela dedicada a San Antón, de aí o seu nome. Co paso do tempo converteuse nunha cárcere. Actualmente é un monumento moi visitado que na parte baixa alberga o Museo Arqueolóxico de A Coruña. Nel hai moitos obxectos históricos: xarróns, xoias, un casco de ouro, torques, frechas... ata hai un esqueleto! Nunha das súas vitrinas está exposta unha machada atopada na praia de A Basteira, en Cariño. Supoñen que era un colgante que pertenceu a un poderoso guerreiro.

Na subida á parte alta hai exposta unha barca feita por estudantes da Universidade, inspirados na lenda de Breogán. Nun principio pretendían utilizala no mar, pero ao darse conta de que metía auga, decidiron deixala en terra.

Na parte alta hai unha gran azotea amurallada e con canóns para a súa defensa. Aquí atópase a Casa do Gobernador onde viviron persoeiros moi famosos.



MARINEDA CITY

Despois da visita aos museos fomos xantar ao Centro Comercial “Marineda City”.

Marineda City é un complexo comercial e de ocio. É o centro comercial máis grande de Galicia e España e o terceiro de Europa. Ten 6500 prazas de aparcadoiro. Puxéronlle este nome porque unha escritora coruñesa, Emilia Pardo Bazán, nas súas obras chamáballe así á cidade de A Coruña.

Alí podes atopar todo tipo de cousas: animais, roupa, restaurantes... Nós fomos comer a un restaurante enorme con buffet libre que se chama “Muerde la pasta”, onde hai todo tipo de comida (carne, peixe, pasta, verdura...) e uns postres... riquíííísimos. Ten un parque infantil “Pasta Park”, moi atractivo, pero no que non puidemos xogar por cuestión de idade.

Despois de comer os mestres deixáronnos 30 minutos de tempo libre que cada grupo dedicou ao que quixo: comprar, mirar, descansar, etc.

O tempo pasou moi rápido, cando nos demos conta xa estaba o autobús esperando por nós.

PARQUE DO PASATEMPO

Á tarde dirixímonos a Betanzos, onde visitamos o Parque do Pasatempos. Este parque naceu da iniciativa dos irmáns Naveira. Estes emigraron á Arxentina, onde fixeron moitos cartos, e moitos deles decidiron gastalos na súa terra, Betanzos. Construíron escolas, residencias para persoas maiores, e tamén o Parque do Pasatempos.

Este é un parque feito para que os rapaces puideran aprender moitas cousas do mundo, xa que naqueles tempos pouca xente podía viaxar. É incrivelmente grande onde podemos atopar grutas, murais representando viaxes a diferentes partes do mundo (Exipto, Israel,... ata o fondo mariño); tamén construíron diferentes estanques e xardíns botánicos. Pero o que máis chama a atención é o León Colosal, Unha estatua dun león de sete metros de alto que se atopa case no alto do parque, dende onde se podía ver antigamente toda a cidade.

Ó final estivemosnos divertindo nun labirinto feito con setos tan altos coma nós, e no estanque onde puidemos ver patos e cisnes.



Finalmente, e logo dunha breve parada polo camiño, chegamos a Cariño ás oito da tarde.

Alumnas e alumnos de 5º.

Letras Galegas: Xosé María Díaz Castro.

Este ano a Real Academia Galega homenaxea a Díaz Castro.

Xosé María Díaz Castro naceu na parroquia dos Vilares, do concello de Guitiriz, o 19 de febreiro de 1914, sendo o terceiro de catro irmáns. Procedía dunha familia labrega polo que Xosé María tivo que traballar en todo tipo de faenas agrícolas.

Os seus primeiros estudos realizounos na veciña escola de Buriz e continuounos na súa aldea natal, na «Escola da Conchada», construída cos cartos enviados polos seus veciños emigrados en Cuba.

Aos quince anos ingresou no Seminario de Mondoñedo para seguir os estudos de crego e alí escribiu os seus primeiros poemas, chegando a publicar algúns no xornal «El Progreso Villalbés», de Vilalba, en Lugo.

Ao deixar o Seminario rematou o bacharelato e estudou na Universidade de Salamanca, Filosofía e Letras.

Dedicouse ao ensino e a estudar diferentes idiomas, traballando como tradutor en Madrid, onde chegou a ser o encargado dos servizos de tradución do Ministerio da Gobernación.

É autor dun único libro de poemas en lingua galega, «Nimbos», editado no ano 1961 e no que amosa a súa preocupación por Galicia e polos problemas de todo ser humano, a vida, a morte e o paso do tempo.

Díaz Castro pertence á Xeración do 36 xunto a Carvalho Calero, Celso Emilio Ferreiro e Aquilino Iglesia.

O 2 de outubro de 1990, despois dunha estancia hospitalaria no Xeral de Lugo, falece Xosé María á idade de 76 anos, sendo soterrado no cemiterio de San Xoán de Lagostelle, en Guitiriz.

Este ano a Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras pola defensa e uso que fixo do noso idioma.



ESMERALDA

Herba pequerrechiña
que con medo surrís
ó sol que vai nacendo
e morrendo sin ti,
por que de ser pequena
te me avergonzas ti?
O universo sería
máis pequeno sin ti.

TERRA SUCADA

Terra sucada, poema
de cen versos na outonía!
Orballa na cal, no escuro
camiño da tantas vidas.....

Ferve o grau, pulo enterrado
da espranza, nena dormida.
Terra do ceo arrincada!
Chora a terra desterrada,
terra arada, nai perdida.

Equipo Dinamización Lingua Galega.

Actualidade.

Catro nenos de El Vendrell...

Na rúa Mig, en El Vendrell, unha localidade duns 35.000 habitantes da provincia de Tarragona, o cheiro a fume continúa. Nas almas das xentes de ben, o pesar e a carraxe tamén continúan. Gemma Mañé, directora do Colexio Público Teresina Martorell, na que estaban escolarizados os catro nenos, sen poder agochar a súa indignación, exprésao con claridade total: "A súa situación nin é única nin nova para nós. As condicións nas que viven moitas familias son infrahumanas. E vémolo como algo normal. Isto non pode ser".

No número anterior deste xornal escolar fixémonos eco dun suceso terrible, arrepiente. Baixo o título "Cincuenta e dous" referiamos a noticia da traxedia dese máis de medio cento de nenos que morrían de sede e fame ao atravesar o deserto do Sahara na procura dun mundo mellor (?). Non pasaron tres meses e xa temos unha nova desgraza na que as vítimas volven ser nenos. E non estamos a falar dun suceso en terras lonxanas, non, senón dunha suceso neste que chamamos primeiro mundo que, cada vez, é máis primeiro para uns poucos, os privilexiados, e menos humano para a maioría. E cando isto ocorre, os máis febles -os nenos- son os primeiros en sufrir as consecuencias de tanta desigualdade.

Ayoub, con 12 anos; **Thami**, de 8; **Mohammed**, de 5, e **Osama**, que tiña tres anos, eran catro dos seis fillos de Fatma e Hmad Mortada, unha familia orixinaria de Marraquech (Marrocos), establecida en El Vendrell, e que vivían nun piso de sesenta metros cadrados. Hmad, o pai, traballou como albanel e montou unha carnicería. Mercou un piso e logo, como tantos outros, non puido pagalo. En 2011 chegou o desafuzamento e deberon deixar a que era a súa casa para buscar refuxio na casa duns familiares. Pero hai máis dun ano volveron, de xeito ilegal, para o que fora a súa vivenda. Antes do regreso pediron axuda aos Servizos Sociais, pero non chegaron a recibila. As condicións nas que vivían nunha barriada na que o desemprego, a pobreza e os conflitos son habituais non son difíciles de imaxinar. Carencia do máis necesario, espazo reducido, pobreza

enerxética,... E co lume sin control chegou a desgraza. Abdel, o irmán maior, e un curmán, puxéronse a salvo ao saltar. Na rúa atopáronse con Hmad, o pai, que saíra pedir axuda e trataba de volver onda a súa familia. So os bombeiros puideron entrar naquel inferno e salvar a Fatma, a nai, e a Farah, a menor dos irmáns. A muller avisou aos bombeiros de que nas outras habitacións estaban os outros nenos. Pero xa foi imposible.

Despois da traxedia os veciños sentían que o concello lles debía unha explicación e berrábanlle ao alcalde "Non somos animais, somos persoas", no colexio, mentres pais, nenos e profesores comentaban a desgraza dunha familia á que coñecían desde había máis de dez anos. "Vímolos medrar. Aquí viñan todos os fillos desa familia".

... e máis de 250 nenas en Nixeria

Hai xa máis dun mes que desapareceron en Nixeria 250 nenas. Amnistía Internacional denunciou que o exército nixeriano foi avisado deste secuestro, pero non fixo nada. As nenas foron raptadas... **por ir á escola!!!** Un atentado máis, como lle pasara a **Malala Yousafsai**. Como a escritora Rosa Montero dicía, *as nenas non levan petróleo nas tripas, nin diamantes, nin uranio*, nin o coltan do que nos falou Marcos Calveiro, o autor de **Palabras de Auga**, cando estivo no Colexio e, se cadra por iso, a noticia tiña moi pouco percorrido nos medios de comunicación. Logo a cousa comezou a converterse nun escándalo internacional e os gobernos vense obrigados a actuar. Con pouco éxito, ata o momento. Segue preguntándose a escritora *que eiva feroz, que escura patoloxía arrastran algúns varóns para que esa carraxe delirante cara á muller se repita tanto ao longo da historia*.

Nós seguímonos preguntando a que vén esa violencia tan atroz que ten como obxectivo a quen menos dano pode facer: unhas nenas que van á escola. A que mente tan ruín lle pode interesar que a muller non disfrute dun dos dereitos máis básicos, o da educación?

Carlos Miranda Armada

Cariñeses polo mundo.

SUÍZA



Suíza é un país no centro de Europa, ten catro idiomas que son: Alemán, Francés, Italiano e Romanche. A confederación Suíza esta formada por 26 cantóns, ten tres cidades principais que son: Zürich, Xenebra e Berna que é a capital. Suíza limita con Alemaña, Francia, Italia e Austria. A comida típica de Suíza é a Fondue, a Racleta...

Suíza ten gran fama polos queixos Gruyer e Enmental. Economicamente esta ben, ten o dous por cen de paro. E segue sendo famoso polos reloxos e o chocolate, no inverno chégase a alcanzar os trinta baixo cero. Non hai mar pero hai tres lagos moi grandes un é o Lemán, o Lago de Como e os catro Cantóns, tamén ten dous ríos o Rin e o Rhone.

Suíza é un bo lugar para vivir e para visitar. Suíza ten segredo bancario.



Vicente, pai de Laura de 6º

AUSTRALIA.

Modesto Galcerán é un de tantos galegos que por circunstancias da vida, vive lonxe da súa terra que é Cariño. Seus pais emigraron a Australia para traballar aló polo ano 1966 con tres fillos, coma outras moitas familias daquela época.

El vive en Melbourne (Australia) que está situada ao sueste do país, está casado e ten dúas fillas, traballa como conductor de autobuses. Sabedes cuántos kilómetros de distancia hay entre Cariño e Melbourne pois uns 17314 kilómetros, non está moi preto de nós. Modesto cando pode ven facernos unha visita e sempre viaxa en avión facendo varias escalas xa que a viaxe é longa, lévalle chegar a Cariño 24 horas máis ou menos. A diferenza horaria é de 9 horas. Cando aquí é de día alí xa é de noite.

Australia goza dun clima templado durante gran parte do ano, pero o clima pode variar debido ao tamaño do continente.

Xeralmente, os estados do norte experimentan un clima cálido a maior parte do tempo e os estados do sur experimentan invernos máis fríos.

Ademais, Australia é un dos continentes máis secos, con un volumen de choiva media inferior a 600 mm ao ano.

Ao igual que todos os países do hemisferio sur, as estacións de Australia son opostas ás dos países do hemisferio norte.



O verán abarca desde decembro ata febreiro; o outono, de marzo a maio; de xuño a agosto é inverno; e a primavera cubre os meses de setembro, outubro e novembro.

Os coches circulan pola esquerda coma en Reino Unido.

A súa moneda é o dólar australiano.

Melbourne é unha cidade formada por amplias rúas en cadrícula. E moi recoñecida polas súas tendas de todo tipo. É unha cidade cosmopolita onde podes encontrar todo tipo de culturas, razas, e gastronomía de diferentes sitios: europeas, asiáticas, mexicanas, indús, etc. En Lygon Street é a zona italiana. Un pouco máis lonxe, Victoria Street, Richmond; Johnston street, Fitzroy e Chapel Street, Prahran están repletas de tendas e comercios máis informais.

Outro lugar turístico é subirse ao tranvía hacia St Kilda e pasear polo río Yarra e polos parques e xardíns que rodean o centro da cidade.



Este é o río YARRA que cruza todo Melbourne

Melisa, nai de Andrea B. de 4ºA

Historia.

AS TRECE ROSAS

Foi un dos episodios máis crueis da represión franquista. O 5 de agosto de 1939, trece mulleres, a metade menores, foron executadas diante dos muros do cemiterio do Este. A súa historia sigue viva hoxe en forma de libros, teatro, documentais e cine. Os alumnos de 6º, continuando no traballo de dar a coñecer a vida de mulleres que fixeron historia, e do que xa se presentaba unha mostra no EPIGONCIÑO anterior, escribiron sobre este triste capítulo que sucedeu xa cando a Guerra Civil rematara. Os seus nomes eran: **Ana López Gallego, Victoria Muñoz García, Martina Barroso García, Virtudes González García, Luisa Rodríguez de la Fuente, Elena Gil Olaya, Dionisia Manzanero Sala, Joaquina López Laffite, Carmen Barrero Aguado, Pilar Bueno Ibáñez, Blanca Brisac Vázquez, Adelina García Casillas e Julia Conesa Conesa.** Eran modistas, pianistas, xastras ou amas de casa. O seu considérase un dos castigos máis duros aos vencidos de la posguerra. Unha resposta, din, ao asasinato do comandante da Garda Civil, Isaac Gabaldón, a súa filla e o seu chófer o 27 de xullo dese mesmo ano. Reflectir a vida das trece mulleres sería demasiado extenso e non hai espazo neste xornal, polo que nos limitaremos, a modo de exemplo, a contar o máis significativo de dúas delas, das que transcribiremos, polo seu interese, dúas cartas que deixaron para as súas familias. Falamos de Julia Conesa, que contaba 19 anos no momento da súa morte, e de Blanca Brisac.



JULIA CONESA

Julia Conesa Conesa (19 años, modista). Nacida en Oviedo. Vivía en Madrid coa súa nai e con dúas irmás. Afiliouse ás Xuventudes Socialistas Unificadas polas instalacións deportivas que presentaban a finais de 1937, onde traballou como monitora destas. Pouco despois atopou emprego como cobradora de tranvías, xa que a súa familia necesitaba diñeiro, e deixou o contacto coas XSU. Foi detida en maio de 1939, sendo denunciada por un compañeiro do noivo. Cando a detiveron estaba cosendo na súa casa.




Esta é parte da carta que deixou.

Nai, naiciña, voume reunir coa miña irmá e con papá no outro mundo, pero ten presente que morro por persoa honrada. Adeus, naiciña querida, adeus para sempre. A túa filla que xa nunca te poderá bicar nin abrazar. Non me choredes. Que o meu nome non se borre da historia.

Julia Conesa

Monumento ás Trece Rosas .



BLANCA BRISAC

Blanca Brisac Vázquez (29 anos, pianista). Era a de maior idade das trece e tiña un fillo. No estaba afiliada nin tiña ningunha militancia política. Era católica e votante de dereitas. Foi detida por relacionarse con un músico pertencente ao Partido Comunista. Escribiu unha carta ao seu fillo na madrugada do 5 de agosto de 1939, que lle foi entregada pola súa familia dezaseis anos despois.



O fillo de Blanca Brisac e Enrique García, quizais a máis triste de todas as historias chega a afirmar "O meu pai pertencía a un sindicato pero a miña nai non tiña ningunha militancia. Iso xúroo". A ambos executáronos ese 5 de agosto de 1939, cando el tiña 11 anos. Algunhas correntes revisionistas pretenden hoxe cambiar a realidade dos feitos e isto si que é moi perigoso. Non se trata de xerar sentimentos revanchistas. Ao contrario, trátase de toda unha lección de humanidade.

A carta aínda se conserva e estes son uns fragmentos.

Vou morrer coa cabeza alta. Só che pido que queiras a todos e que non gardes nunca rancor aos que deron morte aos teus pais, iso nunca. As boas persoas non gardan rancor. Henrique, que che fagan facer a comunión, pero ben preparado, tan ben cimentada a relixión como ma cimentaron a min. Fillo, fillo, ata a eternidade.

Blanca Brisac

Neste humilde traballo trátase de concederlles o recoñecemento que no seu día se lles negou e, como pedía Julia, que os seus nomes, como os de tantas mulleres inxustamente tratadas ao longo dos tempos, non se borren da historia.




Alumnas e alumnos de 6º A

Lembranzas.

Manolo Otero

É común en todas as sociedades a tendencia a crear mitos, a idealizar personaxes, a encumbrar heroes que, unha vez pasado o tempo e dada a pouca importancia da súa achega, rematan no esquecemento para dar paso a novos ídolos cos que alimentar o afán dos medios de comunicación por captar figuras coas que manter a atención. Pero, fóra de individualidades que si aportaron ideas, descubrimentos ou recursos útiles para o progreso da humanidade, o certo é que a verdadeira protagonista dos feitos históricos ou dos presentes é a sociedade. Con todo, esta precisa da dirección de persoas que, en momentos concretos, asumen o protagonismo de encauzar e orientar ao resto dos integrantes dos colectivos ou das institucións. **Manolo Otero** é unha destas persoas. E refírome a el en presente porque, aínda que fisicamente xa non está entre nós, permanece o seu legado e xa se sabe que estamos vivos mentres non desaparecemos da memoria individual ou colectiva.

Manolo Otero chegou a Cariño para exercer como profesor neste colexio. Os que foron alumnos e os que compartimos traballo con el podemos dar fe de que estabamos ante un magnífico profesional no método e comprometido na súa conduta. Nun momento de crise- todas as institucións as teñen- entendeu que debía dar un paso máis neste compromiso e presentou candidatura á dirección. Non teño medo a perder a obxectividade se afirmo que o acceso de **Manolo** á función directiva ten lugar no preciso momento no que este Colexio atravesaba polas maiores dificultades rexistradas ao longo dos máis de corenta anos de historia da institución.



Dificultades de todo tipo: económicas, administrativas, de infraestruturas ou de relacións humanas, que **Manolo** afrontou coa firme actitude de dar un xiro radical a unha situación que esixía moita presenza de ánimo, moito afán de traballo e moito espírito de sacrificio. Todo isto sen deixar de compaxinar o exercicio da dirección coa función docente. En menos tempo do que humanamente sería de desexar, **Manolo Otero** protagonizou unha transición sen traumas que levou ao Colexio a un cambio radical de dinámica en todos os procesos, ao tempo que se acometeron proxectos de saneamento económico, de dotación e equipamento, de infraestruturas e de apertura á sociedade. Tres anos despois de que asumira a dirección, e cando pide o traslado ao Colexio de Cerdido, a situación é radicalmente distinta, sendo el o protagonista principal deste cambio. O xornal escolar **O EPIGONCIÑO**, por exemplo, é unha iniciativa xurdida na etapa na que **Manolo** era director, e este exemplar que ti, querido lector, téns nas túas mans, froito desa singradura que entón comezaba.

Por costume, todas as necrolóxicas adoitan ser laudatorias e todas as ausencias, sentidas. Desde estas páxinas, e como único compañeiro que permanece no Centro, pero facéndome eco do pensamento unánime dos que tivemos a sorte de compartir traballo con el, síntome obrigado a deixar constancia da gratitude que a institución debe a quen, como profesor e como director, traballou tan decididamente para facer desta unha organización comprometida coa educación, co humanismo, co progreso e coa cohesión social. **Raquel**, a súa dona, profesora exemplarmente implicada tamén no proceso educativo nesta institución, e os seus fillos **Agustín** e **Manolo** (herdeiro do compromiso paterno coa educación cariñesa), deben ser receptores desta gratitude.


Ata sempre, **Manolo**. Foi un privilexio traballar contigo. Foi un privilexio aprender de ti.

Carlos Miranda

Cine.

SILENCIO, RÓDASE EN CARIÑO

O CEIP Manuel Fraga Iribarne, vén apostando, dende hai anos, pola introdución das TIC nos procesos de ensino - aprendizaxe. Un dos maiores retos aos que nos enfrontamos é o aproveitamento dos recursos humanos e materiais dos que dispoñemos. É por este motivo que no 2º Ciclo de EP decidimos inscribirmos no proxecto *Nós tamén creamos*, organizado pola Xunta de Galicia en colaboración coa editorial OQO e a TVG.



A través deste proxecto tentamos ademais, atendendo ao principio de globalización do ensino, traballar o gusto pola lectura, a arte, a expresión oral, corporal e a creatividade, aspectos importantísimos para o desenvolvemento integral dos alumnos e das alumnas.

Tendo en conta o motivador que resulta para os nenos e nenas o cinema, denominado acertadamente a sétima arte, decidimos facer que o alumnado pasase de ser un mero espectador a ser un pequeno creador facéndoo consciente de todo o proceso que envolve a este xénero.

Partindo da análise dunha obra literaria dada, despois dun estudo detido de todo a que a envolve (recursos lingüísticos, ilustracións,

trama... etc) chegamos á produción final, un filme animado no que desde as personaxes até outros elementos explícitos na obra foron elaborados polos nenos, nenas e profesorado, que ademais poñen música e voz.

Dentro do proceso de produción podemos ir describindo as distintas fases do proceso nas que, en maior ou menor medida participou todo o alumnado de 3º e 4º.

1) Elección do conto sobre o que faremos a nosa curta de animación.





A editorial OQO proporcionounos varios contos e entre eles tivemos que escoller un.

Tratamos de facelo de xeito democrático, lémoslos nas aulas e na biblioteca e os alumnos por votación escolleron o que máis gustou: *O último canto*, de Pablo Albo.

2) Elaboración do guión gráfico ou Storyboard no que consta como serán gravadas as distintas escenas, tendo en conta: o texto, os enfoques das distintas escenas, a luz, o son...etc. Esta fase, dado a dificultade que entrañaba foi levada a cabo integralmente polo profesorado participante no proxecto.

Algo moi importante a sinalar neste parágrafo é o feito de que decidimos desviarnos un pouco do guión orixinal para contextualizar o conto no noso pobo, Cariño.



CEIP 'Manuel Fraga Iribarne' Cariño							
AUTORES: CRISTINA BUSTAMAS PEREIRA JANARA SALGUEIRO VEIGA JESÚS ORTIZALES LADE		TÍTULO PRODUCCIÓN: O ÚLTIMO CANTO	EPISODIO:	PÁGINA: 04			
ESCENA Nº 01	TIEMPO:	ESCENA Nº 02 p.01	TIEMPO:	ESCENA Nº 02 p.03	TIEMPO:	ESCENA Nº 02 p.04	TIEMPO:
							
Filiberto e Sacramento vivían nun pequeno pobo mariñeiro que só tiña cinco casas, tres barcos, un perro, unha prala e un vello campanario ben campá. A pesar de ser un pobo moi pequeno, tiña algo que a facía especial.		Non era o grilo adestrado de D. Bieito, o mestre.		Nin a bicicleta a vapor de Dona Eufrosia! a farmacéutica.		Nin o xirasol xigante de Erasmo.	
		O grilo baila ou fai acrobacias encima dunha bola.		Eufrosia pedalea na bicicleta.		O xirasol xira un pouco.	
SON: Música relaxante.		Música de circo.		Ruído de máquinas.		Música alegre.	

3) **Creación e montaxe de bonecos e decorados.** Unha vez feito o guión xa podemos ir elaborando os distintos elementos que necesitamos para a película: primeiro fixemos as personaxes principais e os decorados para as distintas escenas, para o cal utilizamos bastante material de refugallo (botellas de plástico, papeis de regalo, material de embalaxe, cds, tapóns, cartón, bolsas de plástico, rolla...), pinturas, cola e diverso material da aula de plástica.



4) **Gravación das escenas en movemento co programa *Stopmotion*.** Logo de ir preparando todos os elementos de cada escena estudamos o guión gráfico para programar os movementos das personaxes no espazo creado e os diferentes efectos de luz.





Para buscar a iluminación axeitada utilizamos un foco de luz de obra ao que lle fomos poñendo diferentes filtros con papel de celofán de distintas cores, sobre todo, amarelo, laranxa e azul; e para poder poñer en


práctica os distintos enfoques tivemos que botar man dun trípode e unha cámara web.

Outro punto importante a ter en conta, foi o enfoque dos planos: xerais, parciais, en vertical, en horizontal, oblicuo, primeiro planos...etc. Para isto tivemos

que practicar con varias alturas do trípode e posicións da cámara web. Os nenos e nenas foron subindo por grupos. Uns encargáronse do ordenador, e os restantes de ir facendo os diferentes movementos dos elementos que participaban en cada toma. Todo isto sempre coa supervisión do profesorado.



5) **Gravación da narración co programa Audacity.** O texto de *O último canto*, adaptado, é narrado polo alumnado e é gravado polo profesorado co programa anteriormente mencionado.



6) **Gravación de música e son.** O son é un aspecto a ter en conta en calquera película de animación que se prece, axuda enormemente a contextualizar e a entender o que ocorre na escena ao tempo que pode evocar sentimentos no espectador, tristeza, alegría, medo... etc. Uns dos sons foron obtidos a través de bancos de sons gratuítos existentes en internet; e outros foron creados polos nenos.




En canto á música decidimos utilizar a cantiga popular *Eu teño un canciño* cambiándolle a letra, para adaptala ao contexto. Toda a parte da música instrumental foi interpretada polo mestre Jesús Orizales e cantada polos alumnos: José Miguel Saras de 6º e David Sierra de 3ºB; e por José Barcón, profesor da *Casiña da Música*.

Contamos tamén coa colaboración de Ana Yáñez, profesora de música da *Casiña da música* para preparar a cantiga cos nenos.



7) **Montaxe de curta co programa Adobe Premiere.** Despois de ter todos os elementos da película só nos quedaba montala e, dada a dificultade que isto ten aínda para os nenos e nenas de tan curta idade, isto foi feito polos profesores.



B) Cando finalizamos o proxecto e observamos o resultado chegamos á conclusión de que todo este traballo foi enormemente produtivo, tanto o profesorado como alumnado quedou satisfeito coa curta, que foi presentada nun concurso convocado pola TVG e a editorial anteriormente mencionada.

O resultado final será estreado no *Festival das Letras Galegas* que se celebrará no colexio o 16 de maio; posteriormente será colgado na páxina Web do colexio para que poida ser visualizado por todo aquel que teña interese en vela. Tamén estará accesible en breve na web infantil da RTVG en canto se produza o fallo do concurso *Nós Tamén creamos*.

Alumnos e alumnas do segundo ciclo.

Obradoiro

Facer pompas de xabón.

Preparar un líquido para pompas de xabón.

Os líquidos para facer pompas pódense mercar nas tendas, pero tamén preparar na casa con moi poucos ingredientes.

Necesitamos....

1. Auga , mellor se é auga desmineralizada. A venden nos supermercados, non é potable e non se debe beber !!!
2. Deterxente para lavar a louza.
3. Un ingrediente para facer máis forte a mistura, pode ser azucre, glicerina ou xel fixador do cabelo.
4. Un recipiente grande.



A cantidade de cada compoñente pode cambiar, pero recomendamos esta mistura: 5 partes de auga , 1 parte de deterxente e 1 parte de xel fixador do pelo.



Paso a paso.....

Utiliza un vaso pequeno como medida.



Mide 5 partes de auga e as botas nun recipiente grande.



Pon unha parte de xel fixador do cabelo no recipiente anterior e move a mistura ata que quede ben disolta.



Engade unha parte de deterxente



Move todo con moito coidado para non facer espuma

Deixa repousar o líquido durante un día para que desaparezan as burbullas.

Xa podes intentar facer as pompas de xabón máis grandes do mundo !!!!!



Alumnas e alumnos de 3ºB.

Deportes.

Campo a través en Cedeira.

Na carreira de Cedeira o colexio de Cariño quedou moi ben, eu fun primeira na categoría de benxamín feminino, e a miña irmá Beatriz tamén gañou en infantil feminino.



Diego Q. de 3º foi segundo en benxamín masculino, Carme P. de 2º quedou cuarta en benxamín feminino, en alevín masculino gañou Eric S. de 5º, Ania R. de 4º acabou en quinta posición en alevín feminino.



Erika de 3ºB

Atletismo en Moeche.

O día 7 de abril houbo en Moeche unha actividade de atletismo con moitas probas: lanzamento de peso e xavelina, salto de lonxitude e carreira de remudas. Foron nenos e nenas de varios colexios. No lanzamento de peso a bola era de 2 quilos e había que lanzala de xeonllos, a xavelina era de espuma e había que lanzala con moita forza. As carreiras de remudas eran con conos e para o salto había un muro de plástico que tiñamos que pasar cos pés xuntos.


. Na última proba participou primeiro o equipo feminino de 6º, despois o masculino de 6º, logo o feminino de 5º e acabaron os do masculino de 5º.

Pablo e Iker de 5ºA

11/11/2014
3ºB

DEPORTE

O deporte é moi importante



FRUTA

A fruta é moi sana para
Todos é moi rica



Ainoa de 3ºB

Pasatempos.

SOPA DE LETRAS. ATOPA 8 PRODUTOS DA HORTA GALEGA.

CEBOLA

PATACA

LEITUGA

CENORIA

PEMENTO


TOMATE

REPOLO

AMORODO

Ñ	Q	S	E	Q	F	O	O	M	Q	Q	A
Q	F	N	G	T	O	M	A	T	E	Z	M
G	R	R	E	P	O	L	O	N	H	P	O
D	Q	M	C	E	N	O	R	I	A	A	R
H	V	I	I	Y	X	R	O	N	S	T	O
N	E	T	M	R	M	L	X	T	L	A	D
B	Ñ	T	L	A	R	L	V	S	E	C	O
U	C	E	B	O	L	A	A	U	I	A	F
P	E	M	E	N	T	O	O	R	T	Y	V
B	H	Ñ	U	M	P	G	M	V	U	K	Q
A	N	X	L	T	Z	H	E	X	G	G	T
Y	G	B	F	B	R	J	G	J	A	U	H




LABIRINTO.



COLOREA.



O ESPIGONCIÑO





Subvencionado pola
Consellería de Educación e O.U.
Secretaría Xeral de Política lingüística